



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano-15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

GUÍA DE ACTUACIÓN EN CASO DE
SOSPEITA DE INFLUENZA AVIARIA
PARA VETERINARIOS DE
EXPLOTACIÓN

INTRODUCCIÓN

Entre os principais problemas patolóxicos que poden afectar á produción e comercialización avícola, e con mais presenza nas últimos tempos, destaca a Influenza aviaria altamente patóxena.

É unha enfermidade viral altamente contaxiosa que se atopa incluída na Lista única da Oficina Internacional de Epizootias (OIE) e na lista de enfermidades de notificación obrigatoria da Unión Europea e de España, segundo se recolle no RD 2459/1996, modificado pola Orde APA/1668/2004, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se da a normativa para a súa notificación.

En España, a norma legal en vigor específica sobre a Influenza aviaria é o Real Decreto 1025/1993, de 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a Influenza aviaria.

Este documento ten por obxecto servir como Guía de actuación aos veterinarios de explotación que traballan nas empresas avícolas ou en Agrupacións de Defensa Sanitaria, no caso da aparición dunha sospeita desta enfermidade nunha explotación na que exerzan a súa actividade clínica.

A finalidade desta guía é lograr por parte do veterinario de explotación un diagnóstico no menor tempo posible e facilitar os mecanismos de colaboración con los servizos veterinarios oficiais (SS.VV.OO), para que poda establecer unha resposta rápida e eficaz no control de esa enfermidade.

Debido á posibilidade, aínda que remota, de infección cruzada aos humanos é necesario introducir nesta guía unha serie de consellos para garantir a saúde dos veterinarios que realicen visitas clínicas a algunha explotación sospeitosa.

CONTIDOS

	PAX.
1. BREVE RESEÑA DA ENFERMIDADE	4
2. DIAGNÓSTICO DA INFLUENZA AVIARIA	6
3. ACTUACIONES ANTE SOSPEITA DA ENFERMIDADE	7
4. TOMA DE MOSTRAS	13
5. MEDIDAS DE BIOSEGURIDADE	14
6. MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PERSONAL	16
7. FICHA CLÍNICA	17

1

BREVE RESEÑA DA ENFERMIDADE**Reseña da Influenza Aviaria Altamente Patóxena**

A Influenza Aviaria Altamente Patóxena é unha enfermidade de carácter sistémico e extremadamente contaxiosa que afecta a un gran grupo de aves, causando unha elevada mortalidade. Afecta a tódalas aves de curral, sendo fatal para polos e pavos, pero pode tamén afectar a patos, gansos, galiñas e unha ampla variedade de paxaros e aves (avestruces, pombas...)

O axente etiolóxico é un virus da familia Orthomyxoviridae, xénero Influenzavirus A. Os microorganismos altamente patóxenos illados sempre foron **virus Influenza tipo A , subtipos H5 e H7**. O subtipo altamente patóxeno detectado nos focos do 2004 e 2005 é o **H5N1**.

A clasificación do virus se fai mediante o análise de 2 proteínas que se atopan na superficie do mesmo: a hemaglutinina (H) e neuraminidasa (N). Teóricamente hai tantos virus como combinacións posibles entre as 15 hemaglutininas e 9 neuraminidasas existentes. Todos os subtipos do virus poden replicarse nas aves, pero unicamente provocan a Influenza Aviaria os subtipos H5 o H7.

Presenta un **período de incubación de 3 - 5 días**, mostrando os animais afectados depresión severa e inapetencia, marcada diminución da produción de ovos, edema facial con **cristas e barbelas tumefactas e cianóticas**. Como lesións presenta hemorraxias petequiais nas superficies das membranas internas. Pode causar mortes súbitas, **podendo alcanzar unha mortalidade do 100% dos efectivos**.

Este virus inactívase a 56°C / 3 horas o 60°C / 30 min; tamén sofre inactivación a pH ácido e por contacto con desinfectantes (formalina e compostos iodados) e outros produtos químicos (axentes oxidantes, dodecilsulfato de sodio, disolventes de lípidos, beta-propiolactona)

Presenta supervivencia durante moito tempo nos tecidos, feces e auga.

As especies máis sensíbeis a padecer esta enfermidade son as **galiñas e os pavos**, aínda que é razoable sospeitar que o resto das especies aviarias sexan susceptibles á infección. Existe a sospeita de que os porcos podan transmitir tamén a enfermidade. Constatouse que algúns brotes de influenza aviaria altamente patóxena terían ocorrido como consecuencia da introducción desde aves silvestres, de cepas de virus de baixa patoxenicidade, e que por unha mutación poden converterse, ao permanecer nas explotacións, nunha cepa de baixa patoxenicidade.

A transmisión realízase por contacto directo con secrecións de aves infectadas, especialmente con **feces e secrecións respiratorias**. Tamén actúan como vehículo os alimentos, auga, equipo e roupa contaminados, ademais da vía aeróxena en distancias entre granxas de menos de 1 km.

As aves acuáticas e mariñas e especialmente as anátidas, sen presentar sintomatoloxía, poden ser os portadores e introducir o virus nas granxas avícolas.

A principal vía de transmisión do virus entre as explotacións son as persoas, equipos e transportes de animais, ovos contaminados, alimentos e a galiñaza.

No brote aparecido nos Países Baixos resultou afectado pola enfermidade un veterinario e nos brotes actuais no sueste asiático os índices de mortalidade nas persoas afectadas acadan valores próximos ó 50 %. Por elo é preciso extremar as normas de bioseguridade, tanto para impedir a difusión da enfermidade como para evitar riscos na saúde humana.

2

DIAGNOSTICO DA INFLUENZA AVIARIA

Os signos clínicos e as lesións máis significativas da Influenza Aviaria Altamente Patóxena recóllense na seguinte táboa:

INFLUENZA AVIARIA ALTAMENTE PATÓXENA

SIGNOS CLINICOS

Anorexia e depresión

Incoordinación e tremores

Signos respiratorios severos con sinusite

Diarrea

Edema facial. Cristas e barbelas tumefactas e cianóticas

Alta mortalidade puntual

SIGNOS POSTMORTEM

Pancreatite

Focos necróticos no bazo

Enterite

Órganos internos conxestivos

O cadro clínico da enfermidade pode ser común con outras que cursen con síntomas respiratorios como a pasterelose, laringotraqueite aviaria e rinotraqueite aviaria, pero a rápida evolución do cadro clínico e a elevada mortalidade dos animais pode servir para descartar estas últimas.

Un signo moi indicativo da Influenza Aviaria Altamente Patóxena é a alta mortalidade puntual das aves.

3

ACTUACIÓN ANTE UNHA SOSPEITA DA ENFERMIDADE

A Influenza Aviaria Altamente Patóxena, como xa se indicou anteriormente, é unha enfermidade que se atopa incluída nas listas de enfermidades de declaración obrigatoria, tanto a nivel da OIE como a nivel da Unión Europea e España pola súa extremada difusibilidade e polas repercusións que podan ter sobre o comercio internacional.

Existen dous puntos de vista legais a ter en conta á hora de facer a notificación da enfermidade:

- Por unha banda, o artigo 5 da Ley 8/2003, de Sanidad Animal sinala que *"Toda persona física o jurídica, pública o privada, tiene la obligación de comunicar a la Autoridad Competente, de manera inmediata, en la forma y plazo establecidos, todos los focos de que tenga conocimiento de enfermedades de carácter epizootico, o que por su especial virulencia, extrema gravedad o rápida difusión impliquen un peligro potencial de contagio para la población animal, incluida la doméstica o silvestres, o un riesgo para la salud pública o el medio ambiente. En los supuestos en que no se prevea un plazo específico en la normativa aplicable, éste será de 24 horas como máximo para las enfermedades de declaración obligatoria"*.
- Por outra banda, a notificación oficial da enfermidade debe realizarse pola Autoridade Competente, é dicir, os Servizos Veterinarios Oficiais da CC.AA onde se atope a explotación.

Segundo o sistema de funcionamento do sector avícola, existe unha alta probabilidade de que a primeira persoa que poda atoparse cun caso de sospeita de esta enfermidade sexa un veterinario de explotación (veterinario clínico pertencente a unha integradora, unha ADSG ou ben un clínico libre). Neste sentido é fundamental a concienciación da este colectivo da necesidade de comunicar e coordinarse ante calquera sospeita cos servizos veterinarios oficiais (SS.VV.OO.) o mais rápido posible.

O obxectivo fundamental desta guía é lograr que a resposta que poña en marcha as medidas de control desta enfermidade contempladas na lexislación, se inicien coa maior rapidez posible. Esta resposta depende en gran medida da actuación do veterinario clínico que observa inicialmente a sospeita e da actuación dos SS.VV.OO que son os que poden decretar tanto a inmovilización da explotación afectada como outras medidas de control que deben aplicarse nestes casos.

Por outra banda, considerarase imprescindible para evitar ou minimizar a distribución da enfermidade, a existencia dun diagnóstico laboratorial previo e o máis rápido posible.

Neste contexto, é preciso que o veterinario teña claro que:

Unha vez que se sospeite da presenza da enfermidade deberá comunicar, inmediatamente, á Unidad Veterinaria da comarca donde radique a explotación ou ós servizos provinciais responsables en Sanidade Animal da existencia da sospeita

O veterinario de explotación deberá coordinarse cos SS.VV.OO. Se as circunstancias non permitise na estes estar presentes nos primeiros instantes da sospeita, será preciso que as mostras sexan tomadas polos propios veterinarios das explotacións e enviadas directamente

desde a explotación ao Laboratorio Central de Veterinaria en Algete (Madrid) por un medio de transporte urxente e sempre coa comunicación dos feitos aos SSVVOO.

Deberáanse enviar mostras exclusivamente ao Laboratorio Central de Veterinaria en Algete (Madrid), cuando se presente unha mortalidade puntual superior ao 10% en 24 horas.

A continuación, apórtase unha relación dos teléfonos de contacto dos **Servizos responsables en Sanidade Animal** e do **Laboratorio Central de Veterinaria de Algete**.

LABORATORIO CENTRAL DE VETERINARIA DE ALGETE

Laboratorio Central de Veterinaria de Algete
 Carretera de Algete, km 8 – 28110 – Algete -
 Madrid Ministerio de Agricultura Pesca y
 Alimentacion

Tfno.:913479257 / 756

Fax 913478296

SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Área de Arzúa	
Tfno: 981 68 10 03 FAX: 981 68 10 03	
Comarcas	Teléfono
Arzúa	Tfno: 981 50 00 43 FAX: 981 50 00 43
Terra de Melide	Tfno: 981 50 54 10 FAX: 981 50 50 32
Ordes	Tfno: 981 681003 / 981 697842 FAX: 981 68 10 03
Área de Betanzos - Ferrol	
Tfno: 981 774137 FAX: 981 774137	
Comarcas	Teléfono
Betanzos	Tfno: 981 77 41 37
Teixeiro	Tfno: 981 789789 FAX: 981 785127
Ferrol	Tfno: 981 33 70 42 FAX: 981 33 70 51
As Pontes	Tfno: 981 452370 / 981 452142 FAX: 981 450528
Pontedeume	Tfno: 981 430043 / 981 422588 FAX: 981 430043

Área de Carballo	
Tfno: 981 700594 / 981 757283 / 981 756599 FAX: 981 700495	
Comarcas	Teléfono
Bergantiños	Tfno: 981 700594 / 981 757283 FAX: 981 700495
Terra de Soneira	Tfno: 981 71 93 16 FAX: 981 71 80 86
Fisterra	Tfno: 981 74 75 97 FAX: 981 74 7608
A Coruña	Tfno: 981 65 61 70 FAX: 981 67 50 90
Área de Noia	
Tfno: 981 82 51 66 FAX: 981 82 52 14	
Comarcas	Teléfono
Santiago	Tfno: 981 54 66 69 FAX: 981 54 66 73
Noia	Tfno: 981 82 51 66 FAX: 981 82 52 14
O Sar - Barbanza	Tfno: 981 81 06 52 FAX: 981 81 04 04
Xallas - Muros	Tfno: 981 88 13 63 FAX: 981 88 00 37
A Barcala	Tfno: 981 88 17 29 FAX: 981 88 63 46

SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DA PROVINCIA DE LUGO

Área de Becerreá	
Tfno: 982 36 02 43 FAX: 982 36 02 43	
Comarcas	Teléfono
Os Ancares	Tfno: 982 36 02 43 FAX: 982 36 02 43
A Fonsagrada	Tfno: 982 34 01 73 FAX: 982 34 01 73
Área de Lugo	
Tfno: 982 294537 / 982 294549 FAX: 982 294425	
Comarcas	Teléfono
Lugo	Tfno: 982 29 45 37 FAX: 982 29 44 25
A Ulloa	Tfno: 982 37 81 03 FAX: 982 37 71 55
Sarria	Tfno: 982 53 38 88 FAX: 982 53 07 49

Área de Mondoñedo	
Teléfono 982 52 18 81 FAX: 982 507313	
Comarcas	Teléfono
A Mariña Central	Teléfono 982 52 18 81 FAX: 982 507313
A Mariña Oriental	Tfno: 982 12 82 89
A Mariña Occidental	Tfno: 982 56 03 05
Área de Monforte	
Tfno: 982 40 40 30 FAX: 982 40 40 30	
Comarcas	Teléfono
Terra de Lemos - Quiroga	Tfno: 982 40 40 30 FAX: 982 40 40 30
Chantada	Tfno: 982 44 15 23 FAX: 982 44 17 57
Área de Vilalba	
Tfno: 982 51 22 24 FAX: 982 51 22 02	
Comarcas	Teléfono
Terra Chá	Tfno: 982 51 22 24 FAX: 982 51 22 02
Meira	Tfno: 982 33 06 39 FAX: 982 33 00 97

SERVICIOS VETERINARIOS OFICIAIS DA PROVINCIA DE OURENSE

Área de Ourense	
Tfno.: 988 38 65 44 FAX: 988 38 65 24	
Comarcas	Teléfono
Ourense	Tfno.: 988 38 65 46 FAX: 988 38 65 24
O Ribeiro	Tfno: 988 47 09 63 FAX: 988 47 09 63
O Carballiño	Tfno: 988 27 05 38
Terra de Celanova	Tfno 988 45 17 93 FAX:988 45 17 93
Baixa Limia	Tfno: 988 44 36 01 FAX: 988 44 30 66
Área de Trives	
Tfno: 988 33 01 76 FAX: 988 33 10 10	
Comarcas	Teléfono
Valdeorras	Tfno: 988 32 01 84 FAX: 988 32 00 83
Terra de Caldelas	Tfno: 988 20 31 38

Viana - A Gudiña	Tfno: 988 42 10 17 FAX: 988 42 10 17 Tfno: 988 34 02 20 FAX: 988 34 02 20
Terra de Trives	Tfno: 988 33 01 76 FAX: 988 33 01 76
Área de Verín	
Tfno: 988 41 08 28 FAX: 988 41 21 45	
Comarcas	Teléfono
Allariz	Tf. 44.08.27
Verín	Tfno: 988 41 08 28 FAX: 988 41 21 45
A Limia	Tf. 988 461417 FAX: 988 462377
Maceda	Tfno: 988 46 30 11 FAX: 988 46 30 11

SERVICIOS VETERINARIOS OFICIAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Área de Pontevedra	
Tfno.:986 86 08 90 FAX: 986 85 76 24	
Comarcas	Teléfono
Caldas	Tfno: 986 54 00 68 FAX: 986 53 97 02
O Salnés	Tfno: 986 50 90 54 FAX: 986 50 09 73
Pontevedra	Tfno.:986 86 08 90 FAX: 986 85 76 24
Área de Lalín	
Tfno: 606 40 30 20 FAX: 986 78 35 22	
Comarcas	Teléfono
Tabeirós - Terra de Montes	Tfno: 986 575223 FAX: 986 590927
Deza	Tfno: 986 78 46 39 - 986 78 35 39 Fax: 986 78 22 88 Semana Verde de Galicia Tfno: 986 58 13 51 FAX: 986 58 13 51 Vila de Cruces Tfno: 986 58 20 87 FAX: 986 59 29 02
Área de O Porriño	
Tfno: 986 33 01 73 FAX 986 33.38.63	
Comarcas	Teléfono
A Paradanta O Condado	Tf. 986 868309 FAX: 986 663305 Tfno. 986 64 21 43 FAX: 986 64 47 11
Vigo - Baixo Miño	Tfno: 986 33 01 73 FAX: 986 33 38 63

4	TOMA DE MOSTRAS
----------	------------------------

As mostras que deben seleccionarse para realizar o diagnóstico son as seguintes:

Mostra	Número	Particularidades
Sangue	10 soros	Tubos estériles sen anticoagulante. A toma de sangue pódese realizar cunha punción mediante unha lanceta na vena das ás.
Órganos	10 traqueas 10 pulmóns 10 bazos	As distintas mostras dun mesmo tecido deben reunirse nun mesmo bote.
Feces	20 mostras	Recollida directamente do chan ou cinta. Mezcla de todas elas nun único recipiente.

As mostras débense manter refrixeradas e ser enviadas ao laboratorio urxentemente.

Xunto coas mostras debe enviarse cumprimentada a ficha que se recolle ao final desta guía.

5

MEDIDAS DE BIOSEGURIDADE

Enténdese por bioseguridade o conxunto de medidas estruturais da explotación e aspectos de manexo orientadas a protexer aos animais da entrada e da difusión de enfermidades infecto-contaxiosas e parasitarias nas explotacións. Este concepto é moi importante nesta enfermidade, debido á súa alta difusibilidade.

Estas medidas se poden dividir en tres tipos: medidas de illamento, control de movementos e desinfección.

Dado que o risco de difusión da Influenza Aviaria é moi alto, as medidas deberán ser todo o estrictas que sexa posible.

MEDIDAS DE ILLAMENTO

- ▶ Antes de entrar na granxa sospeitosa hai que ter en conta todo o material que necesitaremos unha vez dentro da mesma. A roupa, calzado e gorro deben de quedar na granxa.
- ▶ Non deberán introducirse na explotación aqueles elementos nos que posteriormente sexa problemática a súa desinfección (cámaras de fotos, papeis, teléfono móbil, axendas, etc.).
- ▶ O coche deberá deixarse fóra da explotación. De non ser posible, desinfectarase axeitadamente na entrada e na saída (vados sanitarios)
- ▶ Todo o persoal que traballe na granxa utilizará roupa (monos dun só uso, calzado e gorro) que non poden saír da granxa. Para evitar ao máximo o contacto coa roupa limpa deberán dispoñer dunha división física, se fora posible, entre unha zona limpa e outra sucia do vestiario. Usaranse tamén, gafas protectoras e mascariñas.
- ▶ Recoméndase cerrar completamente a granxa á entrada de paxaros e roedores. No caso de que haxa paxaros no interior, habería que evitar que poidesen saír.
- ▶ Antes de abandonar a explotación, o veterinario deberá soarse repetidamente o nariz para non servir como vehículo de transmisión do virus.
- ▶ Instalar pediluvios á saída da granxa utilizando desinfectantes apropiados.
- ▶ Despois da visita unha granxa sospeitosa e de tomar as mostras necesarias, ou unha granxa positiva á enfermidade, o veterinario non deberá visitar ningunha outra granxa en 3 días, aínda que en circunstancias especiais este período poida ser máis curto.
- ▶ Non se compartirán equipos, utensilios ni materiais con outros compañeiros que traballen en avicultura.
- ▶ Os desprazamentos dentro das granxas faranse sempre desde o sector de animais novos ó sector de animais vellos.

- ▶ Utilizar material non reutilizable que deberá ser destruído dentro da explotación. O material reutilizable debe desinfectarse adecuadamente.

CONTROL DE MOVEMENTOS

- ▶ O veterinario recomendará ao gandeiro que evite a entrada de pensos, saída de ovos de consumo ou de incubar, galiñaza ou calquera outro produto, material e maquinaria ata saber o resultado das análises (24-48 horas).
- ▶ Os accesos á granxa deberán estar perfectamente pechados, evitando que podan aproximarse vehículos ou persoas sen o permiso do granxeiro. As portas das naves terán que estar pechadas con chave en todo momento.
- ▶ Recomendarase ao granxeiro e ao persoal que non visite outras granxas e que evite a relación con persoas relacionadas coa avicultura, ata a obtención dos resultados definitivos.
- ▶ No caso de presenza doutras aves de curral na granxa, estas deberán manterse baixo vixilancia nun sitio pechado ata a obtención dos resultados.

MEDIDAS DE DESINFECCIÓN

- ▶ Os desinfectantes que pode ser necesario empregar nos momentos iniciais da sospeita poder ser os seguintes:

	Desinfectante	Emprego e precaucións
Materiais	Hipoclorito sódico (lixivia), solución de cloro activo ao 2%	As solucións de cloro non deben mesturarse con produtos de limpeza que conteñan amoníaco.
Fumigación	Formalina + permanganato potásico	40 ml de formalina para fumigar 1 m ³ .

O uso de formalina pode ser perigoso e débense ter en conta as seguintes consideracións:

- mesturar nunha proporción de 3 partes de formalina e 2 de permanganato.
- verter o permanganato potásico nos recipientes metálicos **ANTES** de verter o formol.

→ **Non se empregarán recipientes de plástico nin de polietileno.**

- ▶ Todos aqueles elementos que sexa necesario sacar da explotación como consecuencia da visita, deberán ser clasificados en función da posibilidade de desinfección previa:
 - A roupa sacarse en bolsas que se desinfectarán exteriormente con lixivia.

- Outro tipo de obxectos poderán ser desinfectados con gas formaldehído (material cirúrxico).
 - Os obxectos que non sexan imprescindibles deixaranse na explotación (bolígrafos).
- ▶ A caixa de envío de mostras ao laboratorio deberá cerrarse e desinfectarse externamente con calquera dos desinfectantes recomendados ou se non se dispuxera de ningún ao menos cun pano empapado en lixivia, e posteriormente introducirase na caixa de cartón propia de embalaxe.
- ▶ Desinfectar tódolos vehículos antes de saír da granxa mediante algún sistema de fumigación con desinfectantes activos fronte a estes virus.
- **Para as prácticas de desinfección indicadas anteriormente tamén se poden utilizar outros desinfectantes comerciais que acrediten eficacia virucida.**

6

MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE DO PERSOAL

A infección polo virus da Influenza Aviar en humanos é moi rara, pero existe a posibilidade de que ocorra. A sintomatoloxía que pode presentarse é unha moderada conxuntivite en ambos casos, e máis raramente, síntomas moderados similares á gripe.

Por este motivo é preciso ter en conta unha serie de recomendacións:

- ▶ Seguindo as directrices das autoridades de Saúde Pública, é recomendable a vacinación antigripal humana de todos aqueles veterinarios o calquera outro persoal que desempeñe o seu traballo no sector da avicultura.
- ▶ Limitar a exposición ao ambiente contaminado na explotación o tempo necesario para a recollida de mostras dos animais.
- ▶ Emprego de indumentaria protectora: mono, luvas, calzas, gorro e mascariña.
- ▶ Manter unha hixiene persoal estricta para previr a inhalación e a inxestión de materia infectiva. Empregar xabóns desinfectantes e soarse o nariz ao abandonar a explotación.
- ▶ No caso de que a explotación visitada se confirmase como infectada, o veterinario deberá poñerse en contacto co seu centro de saúde para informar a o seu médico das circunstancias da súa actuación nas explotacións para que se valore a posibilidade de aplicación dos tratamentos que se consideren.

¿PODO EVITAR QUE A MIÑA EXPLOTACIÓN SE CONTAXIE?

En xeral, a profilaxe debe estar baseada na aplicación de medidas encamiñadas a impedir a introdución da enfermidade dende o exterior.

- Evitar o contacto entre aves de curral e aves salvaxes, en particular aves acuáticas.
- Evitar a introdución nas explotacións de aves das que se descoñeza a súa situación sanitaria.
- Extremar a vixilancia das condicións hixiénicas, sanitarias e de bioseguridade das explotacións (valados, peche de portas, medidas antipaxaros e antirroedores...)
- Rápida notificación ás autoridades competentes de todos os casos considerados sospeitosos.
- Control dos desprazamentos humanos, limitando a entrada de vehículos e persoas, á explotación.
- Métodos axeitados de limpeza e desinfección para materiais, ferramentas de traballo, vestiario e calzado, esterco, etc...
- Utilización de materiais desbotables
- Non mesturar lotes comprados cos propios da explotación, durante un tempo razoable (corentena).

A existencia dun gran número de subtipos, ademais da posibilidade que ten o virus de mudar, fai moi difícil seleccionar cepas para producir vacinas que sexan utilizadas con carácter preventivo. É por iso, polo que

A prevención da enfermidade pasa por intensificar as medidas de bioseguridade.

¿QUE RISCOS ENTRAÑA O CONSUMO DE ALIMENTOS DE ORIXE AVÍCOLA?

Tendo en conta que o virus se inactiva pola calor e que a dixestiva non é a vía normal de transmisión da infección aos humanos, cos tratamentos culinarios habituais, non existe ningún risco para a saúde humana derivado do consumo de alimentos de orixe avícola.

¿COMO ACTUAR NO CASO DE APARICIÓN DE INFLUENZA AVIARIA?

A detección rápida dun brote de Influenza Aviaria é un dos elementos clave para poder combatela con éxito.

CALQUERA SUSPEITA DE INFLUENZA AVIARIA ALTAMENTE PATÓXENA DEBERÁ SER COMUNICADA O ANTES POSIBLE A TRAVÉS DO VETERINARIO RESPONSABLE DA EXPLOTACIÓN, OU NA OFICINA COMARCAL VETERINARIA, PARA QUE OS SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS POIDAN OBTEN MOSTRAS QUE PERMITAN CONFIRMAR OU DESCARTAR A ENFERMIDADE.

Ante un brote de Influenza Aviaria altamente patóxena, a Unión Europea ten establecidos uns protocolos de actuación que permiten erradicar a enfermidade no menor tempo posible de xeito que se limite a súa propagación e o impacto económico no sector avícola, así como a posibilidade de que adquira unha forma contaxiosa ao home.

Se tes algunha dúbida acude aos Servizos Veterinarios Oficiais (Oficina Agraria Comarcal)




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

INFLUENZA AVIARIA



**IMPORTANCIA
SITUACIÓN ACTUAL
MEDIDAS PREVENTIVAS**

¿QUE É A INFLUENZA AVIARIA?

A Influenza Aviaria (I.A.) ou "gripe aviaria" é unha enfermidade infecciosa vírica que afecta á maioría das especies aviarias, altamente contagiosa e fatal para polos e pavos, pero que pode afectar tamén a patos, gansos, galiñas, e a unha ampla variedade de paxaros e aves. Son coñecidas formas de virus altamente patóxenos e outras de baixa patoxenicidade.

Un brote de Influenza Aviaria altamente patóxena, resultaría moi prexudicial e custoso para a industria das aves de curral, consumidores e cidadáns. En ocasións, unha cepa do virus da Influenza de orixe avícola pode transmitirse ao home, aínda que non se sabe o modo exacto no que se produce a transmisión.

Hai diferentes subtipos (polo menos 15) do virus da Influenza que poden afectar ás aves, aínda que os que provocan máis dano son os subtipos H5 e H7.

Nos últimos anos téñense producido brotes en distintas localizacións da xeografía mundial, concentrados maioritariamente en países do sueste asiático, onde se han causado infeccións e casos mortais no home.

Aínda que é pouco probable que Galicia se vexa afectada, os últimos brotes desta enfermidade, tanto en aves de curral como en aves salvaxes, fan necesario extremar as medidas para evitar a súa entrada, mediante a implantación dunha serie de medidas de xestión nas explotacións avícolas, así como nas aves silvestres, que permitan detectar de tempo prezoz e establecer medidas correctas de loita no caso de aparición dalgún brote desta epizootia na nosa Comunidade Autónoma.

¿COMO PODEMOS RECOÑECER A INFLUENZA AVIARIA?

O signo máis claro da enfermidade é a aparición de mortes repentinas na explotación en 24-48 horas dende a aparición do primeiro enfermo, afectando a case todo o efectivo.

SIGNOS CLÍNICOS

- Depresión severa, inapetencia .
- Marcada diminución da produción de ovos, ovos deformes ou con cáscara branda, ata o cese da posta.
- Secrecións nasal e oral. Tose e esbirros.
- Edema facial con cristas e barbelas tumefactas e cianóticas (azuis).
- Pequenas hemorraxias (petequias) nas superficies das membranas internas.
- Falta de coordinación.
- Mortes súbitas (a mortalidade pode alcanzar o 100%).

PARÁMETROS DE SOSPEITA NAS EXPLOTACIÓNS INDUSTRIAIS

- Redución da inxesta de auga e penso superior ao 20%.
- Redución superior ao 5% na posta de ovos durante máis de dous días.
- Índice de mortalidade maior ao 3% nunha semana.

As lesións nos pavos son similares ás das galiñas, pero poden ser menos marcadas. Os patos poden ser infectados e eliminar o virus sen presentar ningún sintoma clínico nin lesión, polo que estes, en especial os patos silvestres, desempeñan un papel moi importante na difusión da enfermidade.

A CLAVE PARA A LOITA CONTRA A INFLUENZA AVIARIA É A DETECCIÓN RÁPIDA.

A TÚA COLABORACIÓN É NECESARIA -

¿COMO SE TRANSMITE A INFLUENZA AVIARIA NAS EXPLOTACIÓNS?

O contacto directo con secrecións e excrecións de aves infectadas, especialmente feces e secrecións respiratorias é a principal fonte de contaxio. Tamén pode diseminarse por aire e por medio do estercoro, alimentos, auga, equipos e roupa contaminados.

As aves acuáticas e mariñas clinicamente normais, poden introducir o virus nas granxas avícolas.

Os ovos rotos contaminados poden infectar aos poliños na planta de incubación.

PRINCIPAIS ESPECIES SUSCEPTIBLES

TIPO	SUSCEPTIBILIDADE
Aves de curral e pavos	Moi alta
Paspallás e faisáns	Moi alta
Patos e gansos	Alta
Avestruces e emus	Baixa
Outras aves domésticas	Non illado



Excepcionalmente pódese transmitir ao home, como se ten constatado no sueste asiático, pero é necesario un contacto reiterado e próximo con animais vivos enfermos.

Un correcto manexo da túa explotación, intensificando as medidas de bioseguridade, pode previr a entrada da Influenza Aviaria.